

Diálogos

no museo provincial de Lugo [1]

A intervención de
IVÁN PRIETO_

Novembro 2010

Deputación de Lugo
Área de Cultura e Deportes

Antón Bao Abelleira
Vicepresidente

Antonio Veiga Outeiro
Deputado delegado

MUSEO PROVINCIAL de Lugo
Aurelia Balseiro García
Directora

CATÁLOGO

Edita
Museo Provincial de Lugo
Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo

Coordinación
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez

Textos
Aurelia Balseiro García
Benjamín Santín Carballada

Fotografías
Germán Limeres

Deseño gráfico e maquetación
ta ta ta

Impresión
LAR (Viveiro)

ISBN: 978-84-8192-427-5
Depósito legal: LU-271-2009

Primeira edición, novembro de 2009

© da presente edición Museo Provincial de Lugo
© dos textos os seus autores
© das fotografías os seus autores

Dende a Área de Cultura e Deportes da Deputación Provincial de Lugo compracémonos na presentación dunha iniciativa como é DIÁLOGOS NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO. Con esta proposta abrimos unha vía aos novos puntos de vista sobre o patrimonio histórico lucense. A novidade radica en que pretendemos aplicar criterios de vangarda e contemporaneidade, dun xeito que busca a anovación do noso legado cultural suliñando a súa vixencia.

Con DIÁLOGOS poñemos en marcha unha serie de intervencións de artistas actuais que establecen nexos coas obras do Museo Provincial de Lugo e co propio discurso expositivo. O obxectivo da iniciativa busca a celebración da cultura material herdada, e custodiada no Museo de xeito que dexaremos un legado de testemuñas da nosa historia viva as novas xeracións de lucenses. Con esta iniciativa reivindicamos a actualidade e vixencia das coleccións como parte do noso pasado, presente e futuro.

Tal e como sinalamos, o carácter identitario que se proxecta dende a heranza dos tempos pretéritos cara un esperanzador futuro. É necesario crear dende as intucións, un clima propiciatorio de fenómenos culturais que reforcen a diferenencia e singularidade das lecturas que aportan os axentes culturais. Entre estes últimos temos que destacar aos artistas, xestores culturais, críticos e comisarios sen olvidarmos do público xa que e éste o que, en última instancia, é o encargado de darlle o refrendo definitivo as propostas dos profesionais.

Anton Bao

O Museo Provincial de Lugo aposta por unha redefinición e posta ao día das súas coleccións ao tempo que con mirada autocrítica busca o dinamismo da institución como unha entidade pensada por e para o público. Dentro deste xeito de concibir o museo plantéxamos esta nova serie de intervencións no espazo expositivo por parte de artistas do noso tempo que aportan novas visións as nosas coleccións. A andadura desta nova serie de intervencións que titulamos Diálogos no Museo Provincial de Lugo comenza por A intervención de Ivan Prieto na sala número 22.

Esta iniciativa xurde dun espírito de traballo en equipa e con carácter integrador que é fruto dunha fluida relación entre os profesionais do Museo que desenvolven o seu labor cunha conciencia de servizo a sociedade por medio da actividade cultural. Mostras desta idea xeneratriz son as revisións das nosas coleccións por medio de mostras como as que se veñen realizando nos últimos anos e coas que se abordan cuestións troncais do Museo, a súa historia e a súa identidade.

Se con aquelas exposicións botamos unha mirada dende a actualidade cara o pasado, con esta iniciativa poñemos unha visión dende o presente cara o futuro. No particular caso de artistas emerxentes coma Ivan Prieto, se aporta esa proxección de futuro que acompaña ao Museo Provincial de Lugo no rigor do seu programa baseado exclusivamente na vocación de prestación volcada no cidadán así coma de garante da cultura como algo vivo e dinámico. Non poderíamos rematar estas palabras de presentación sen manifestar o noso agradecemento ao artista Iván prieto e ao responsable do proxecto Rafael Lens.

Aurelia Balseiro

Diálogos

no museo provincial de Lugo [1]

Iván Prieto abre unha nova serie de intervencións no Museo Provincial de Lugo baixo o epígrafe xenérico de Diálogos, no que se lle dará cabida, con carácter episódico, aos artistas contemporáneos no contexto da colección permanente. Neste caso particular, estamos ante a Intervención de Iván Prieto, coma primeira peza do proxecto. Con esta proposta, búscase a dinamización da colección permanente por medio de novas vías de diálogo entre o legado que custodia o Museo e a creación actual.

Neste caso, o artista presenta unha instalación con carácter específico, de xeito que interactúa co propio espazo, entendido éste coma un soporte físico e tamén coma un mecanismo de decantación no que precipitan as connotacións culturais, sociais e profesionais, aquelas que forman parte da herdanza e a tradición da institución.

O artista traballa cos espazos e fondos artísticos da colección permanente, así coma as súas ausenzas. Iván Prieto tivo en conta dende o primeiro momento o feito de que as súas esculturas son instaladas nas salas que habitualmente ocupan os depósitos do Museo do Prado. Éste apriorismo en relación co espazo é asumido polo artista coma feito constructivo e articulador o que, polo menos inicialmente, lle serve coma espoleta para o desenvolvemento do diálogo que nos plantexa.

Son eses coñecementos previos do lugar no que fai a intervención, parte das premisas que artellan, concep-

tual e temáticamente, unha proposta que pon a idea do montaxe e desmontaxe de exposicións, nun primeiro plano. Esta temática tamén ten un efecto de retroalimentación ou de autocita, xa que está moi relacionado coa experiencia dos artistas do noso tempo, aos que atopamos inmersos nunha mobilidade permanente, a que esixen as dinámicas do mercado e máis da difusión cultural, funcións éstas últimas, que desempeñan as institucións museísticas.

Dende un punto de vista formal, as instalacións de Iván Prieto compóñense de elementos figurativos que se materializan en esculturas de bulto coas que dispón, por medio da súa interacción, grupos escultóricos. Estos grupos completan tanto o seu significado coma o significativo, con elementos escenográficos que contextualizan a figuración. O ambiente que I. Prieto evoca nas súas instalacións foron descritas no catálogo da exposición *Rexistros Abertos*, celebrada neste mesmo museo, coma “escenas localizadas en habitacións privadas, nas que se desliga dunha apriorística familiaridade das estancias domésticas [...] de densas atmósferas” que nos amosan “a construción dun mundo expresivo propio, provocador e grotesco a partir dunhas referencias aparentemente cotidianas”.

Estas atmósferas, as que aludimos, proxectan unha imaxe inquietante, quizáis debido a esa natureza múltiple de elemento que pode ser coñecido e familiar, habitado por personaxes híbridos que aparecen nuns ambientes que semellan ter algo de ruina. Para atopar o referente concreto destas imaxes, debemos que remitirnos as construcións en estado de abandono e decrepitude nas que o artista gusta de contextualizar as súas pezas, cando son fotografadas por él mesmo. Este tipo de ambiente é evocado nos seus aspectos emotivos e conceptuais,

por medio dos elementos escenográficos, que reforzan os caracteres expresivos das esculturas, para construír a obra coma conxunto.

A obra de Iván Prieto enmárcase nunha corrente de figuración que parte das vangardas, co onirismo surreal, e que percorre diferentes tendencias estéticas do século XX ata chegar ao momento actual. Este artista semella non seguir unha estela ou corrente, nen parece ter estreitas relacións de índole estética con outros autores, no ámbito galego, se ben na súa obra percíbense as influencias que asume un artista permeable, en constante experimentación. Nunha análise máis precisa, veremos nas diferentes etapas do artista, referencias a outros creadores e se comezamos polos máis achegados, apreciaremos o influxo de Francisco Leiro nas primeiras creacións do artista nas que se amosa unha certa tendencia expresiva apoiada no uso de cores vivas.

Concretar o universo de referencias coas que traballa un artista do noso tempo pode ser unha tarefa ardua, especialmente nun momento, coma o actual, no que a sociedade da información e os medios, fan un aporte constante de imaxes. Deste xeito cando ollamos estas atmósferas oníricas e inquietantes, con elementos que se escapan da racionalidade, lles atribuiremos unha primeira referencia surreal, pero tamén se pode relacionar con certas instalacións de artistas coma Eduard Kienholz con Nanci Reddin no aspecto desolado que produce a precariedade material das súas esceas.

Tamén podemos apreciar na obra de I. Prieto unha contención na cor das súas figuras que nos pode remitir a artistas como George Segal, do que tamén toma o aspecto da cotidianeidade e o uso dos moldes na produción das pezas. Se nos achegamos máis,

física e temporalmente, podemos percibir a tendencia a conceptualización que achegan o seu traballo a obra de Juan Muñoz, co que se relaciona frecuentemente o traballo do artista.

A marxe dos aspectos formais, nos que tamén poderíamos atopar similitudes coa obra de Bernardí Roig, pódense apreciar uns certos matices de cripticidade ou hermetismo na temática das últimas obras de Iván Prieto. Nesas instalacións non hay un recoñecemento preciso da escea nin da acción que desenvolven os personaxes, unha actitude que o achega máis a obra de Juan Muñoz, do mesmo xeito que o modo en que ambos conciben o site específico en relación coa figuración contemporánea.

O momento actual do debate estético amosa unha diversidade formal, quizáis derivado da actitude que rompe coa conceptualidade dos 60 e 70, para poner en primeiro termo a creación baseada na xeneración de imaxes que inclúen a emoción e o sentimento como elementos esenciais das mesmas. Esta herdanza postmoderna, que vai camino das catro décadas de historia, se veu reforzada cos descursos que preconizan ou constatan a fin da arte, coma o de Arthur C. Danto, e continúa presente a nivel global, coas variacións que aportan os factores temporais, xeográficos e locais.

Dentro da creación actual podemos apreciar un corpus de artistas que basean a súa creación na xeración de imaxes coma elemento central da súa obra, e dicir, a imaxe non busca un resultado, coma a plasmación dunha idea, senón que o resultado se deriva da creación da imaxe. A maior parte das obras chegan, ou quizáis parten, de premisas e resultados híbridos entre disciplinas, así como de plantexamentos conceptuais nos que a teatralidade e o artificio evidénciase sen pudor, coa asunción dunha sorte

de plantexamento neobarroco.

Este panorama parece terreo fértil para a proliferación da metáfora e a hibridación como recurso e medio para a expresión artística. As dúas figuras teñen unha longa tradición na historia da arte e nas diferentes culturas humanas, os seres híbridos sirven tradicionalmente para darlle forma as ideas que non se poden concretar nunha formalización naturalista, ou pretendidamente derivada da realidade perceptiva. Éste é o punto no que se sitúa Iván Prieto, quen opta pola creación de imaxes de xeito que precisan dunha construción formal propia, para acadar a concreción conceptual desexada.

No caso particular da intervención que presenta no Museo Provincial de Lugo, o artista presenta un xogo barroco, nel os personaxes creados para a instalación, son sorprendidos polo espectador en plena montaxe dunha exposición, naquelas salas que habitualmente acollen outro tipo de obras. A Instalación non está exenta de unha carga crítica cara as institucións e dinámicas culturais, que se fai patente na representación duns personaxes, con corpo humano e cabeza de porco, que montan unha exposición de Iván Prieto mesturada con algunhas pezas do museo.

A instalación revela un eclecticismo entendido no senso que Diderot lle daba en L'Encyclopédie, onde definía ao ecléctico como aquel a quen de entre todas as filosofías tomaba aquilo que lle interesaba para conxugar os diferentes elementos das mesmas da maneira que este atopase apropiado. Este eclecticismo revela una serie de tensions, fruto ou consecuencia do noso tempo, quizais outra manifestación da postmodernidade, igual que a diversidade de manifestacións estéticas, a constante hibridación e a

progresiva disolución do concepto de estilo; o que, con lugar a poucas dúbidas, parecen definir o noso tempo.

Entre as tensións as que nos referíamos teremos que sinalar a aparente ambigüidade coa que se manifestan diferentes modos de situar a escultura no espazo. A intervención do artista plantexa todo un catálogo das diferentes posibilidades do obxecto escultórico como por exemplo, a instalación acumulativa de pezas que, irónicamente, relegan a súa presenza como entidade individual para formar parte dunha instalación. Éste conxunto semella remitirnos a unha imaxe de almacén, anticuario, ou incluso a un espírito decorativo de orixe popular e kitch.

Tamén nos presenta outras esculturas dun modo máis tradicional, coma un volumen no espazo, reproducindo o binomio arquetípico de estatua-estático, que non plantexa maior interacción co público que a meramente contemplativa. Este tipo de intervención evidénciase no xeito no que artista sitúa as figuras diante dos tramos de paramento entre as fiestras, de xeito similar tamén compoñe grupos escultóricos autónomos e ensimismados, coma aquel no que dun grifo xurden pequenos personaxes que forman una escea allea ao ámbito da sala.

Noutros casos o artista instala na sala elementos escenográficos como son as gotas en vinilo bermello sobre la pared. Con éste xesto que ten implicacións formáis pouco complexas, xurde unha apropiación do contexto, integrando elementos do espazo na instalación escultórica, coma as propias obras que colgan nas paredes do museo.

Finalmente o que dota de unidade conceptual a diversidade de plantexamentos escultóricos é, aínda que semelle un padoxo, outro plantexa-

mento escultórico diferente no que o artista inclúe os citados personaxes cun corpo de tartán e cabeza de porco. Estes personaxes son os que están montando a exposición, os que dalgún xeito traballan no espazo, os máis cercanos ao espectador, desenvolven unha acción definida e se moven no mesmo plano que o público. Éste último plantexamento supón unha novidade na traxectoria do artista, que comeza a facer esceas recoñecíbeis e se alonxan do carácter enigmático das súas esceas anteriores, nas que non definía unha acción concreta.

Rafael Lens.

Diálogos

no museo provincial de Lugo [1]

A intervención de
IVÁN PRIETO_

























